

CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 26 DE XULLO DO ANO 2018

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 30 minutos do día 26 de xullo do ano 2018, baixo a Presidencia do sr. Alcalde e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, reúnese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este día.

PRESIDENTE

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

CONCELLEIROS

Grupo político municipal P.P.

JOSÉ RAMON MARTÍNEZ BARBEITO

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

ALBERTO FUENTES PREGO

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑON

Excusa a súa asistencia: JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Asiste como secretaria a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto.

Asiste como interventora Rut Presas Pardo

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na

ORDE DO DÍA.

Antes do comezo do Orde do Día a Corporación guarda un minuto de silencio por respecto ás vítimas de violencia de xénero.

1º.- Aprobación da acta da sesión de 31 de maio de 2018

Solicita o concelleiro Antonio Antelo do Grupo Mixto que se faga constar Grupo Mixto e non TEGA nas súas votacións, por ser mais correcto.

Sin mais intervencións apróbase a acta por unanimidade con esa salvedade

2º.- Dación de conta de resolución de alcaldía

Explica o alcalde que dende a última sesión asináronse mais de 220 resolucións.

3º.- Proposta de alcaldía de designación de dous representantes do órgano Colexiado - Consello de dirección- do proxecto “Parque arqueolóxico do Megalitismo na Costa da Morte”

Dase lectura á proposta de alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 20 de xullo de 2018, que se copia:

O Pleno desta Corporación en sesión de 26 de abril de 2018 acordou a aprobación da adhesión ao convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos da Laracha, Cbana de Bergantiños, Carballo, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, para regular o proxecto “Parque arqueolóxico do Megalitismo na

Costa da Morte

Na súa cláusula 8º figura:

Oitava.- Órgano de impulso, dirección e seguimento.

1. A xestión compartida do proxecto estará impulsada e dirixida por un órgano Colexiado que se

denominará Consello de dirección e que realizará as funcións de comisión de seguimento deste convenio e dos acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

2. Dito órgano estará formado por representantes de todas as entidades partícipes, de acordo coa seguinte distribución:

a) Dous representantes de cada unha das corporacións partícipes, sendo un deles a Alcaldía ou concelleira/o no que delegue.

(...)

Con base no anterior PROPOÑO ao Pleno desta Corporación a designación dos seguinte dous representantes:

1º.- Alcalde- José Manuel López Varela

2º.- Patricia Bello Canedo

Na Laracha 13.07.2018

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta de alcaldía previamente ditaminada a votación, resultando aprobada por unanimidade

4º.- Proposta de alcaldía de acordo de adhesión á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministrados que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se suscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

Dase lectura á proposta de alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 20 de xullo de 2018, que se copia:

MO DE L O D E A C U E R D O C O R P O R A T I V O D E A D H E S I Ó N A L A C E N T R A L D E C O N T R A T A C I Ó N D E L A F E M P

ANTECEDENTES

PRIMERO: La Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP), por acuerdo de su Junta de Gobierno de 28 de enero de 2014, aprobó la creación de una Central de Contratación al amparo de lo previsto en la Disposición Adicional Quinta de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local, conforme a la redacción dada a la misma por el artículo 1.35 de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local.

La Central de Contratación de la FEMP se rige por lo dispuesto en los artículos 227 y siguientes de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

SEGUNDO: *La Entidad Local A Laracha está interesada/o en la utilización de la Central de Contratación creada por la FEMP.*

En consecuencia, teniendo en cuenta lo dispuesto en el artículo 228 de la referida Ley 9/2017 y siendo de interés para esta Entidad la utilización de la Central de Contratación de la FEMP, el órgano competente Pleno de la Entidad Local A Laracha

ACUERDA:

PRIMERO.- *Adherirse a la Central de Contratación de la FEMP a fin de poder contratar las obras, servicios y suministros que oferte, de conformidad a las condiciones y precios que se fijen en los correspondientes contratos o acuerdos marco que se suscriban entre dicha central y las empresas adjudicatarias de los mismos.*

SEGUNDO.- *Ajustarse a lo establecido en el Reglamento de Funcionamiento de la Central de Contratación de la FEMP, en concreto, en las cláusulas referentes al ámbito de aplicación, funcionamiento, derechos y obligaciones de las Entidades Locales.*

TERCERO.- *Remitir el presente Acuerdo a la Federación Española de Municipios y Provincias a los efectos oportunos.*

Rematada a lectura intervén o concelleiro do Grupo Mixto Antonio Antelo, e di que vaise oponer a este punto porque pode suponer unha restricción á oferta doutros empresarios.

Explica o alcalde que non é unha adhesión para algo xenérico, é por un problema concreto coa contratación do consumo eléctrico.

Intervén o concelleiro do PSOE Eladio Verdía e di que o ve positivo.

Intervén o concelleiro nacionalista Xoán Sande e di que vanse opoñer porque están en contra de que a contratación sexa centralizada en Madrid.

Di o alcalde que si a Fegamp ou outros organismo mais próximo ofrecese ventaxas na contratación, tamén adheríase A Laracha.

Sométese a votación a proposta de alcaldía, previamente ditaminada pola Comisión Informativa, resultando aprobada por 12 votos a favor do PP, 1 abstención do PSOE e 3 votos en contra (1 do Grupo Mixto e 2 do BNG)

5º.- Proposta de alcaldía de aprobación da nova imaxe corporativa do Concello da Laracha

Dase lectura á proposta de alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 20 de xullo de 2018, que se copia:

O Concello da Laracha precisa dunha imaxe corporativa modernizada que sexa quen de non esquecer os valores mais significativos do noso escudo. Neste, a torre que ocupa o centro do escudo fai honra ás Torres de Cillobre e ás Torres do Viso (Montemaior), baixo a súa representación atópase unha balea sucando o mar que rememora a importancia que en épocas pasadas tivo o Porto baleeiro de Caión, un dos de maior actividade na captura de baleas na provincia. A cada lado da torre aparecen dúas espigas, símbolo do carácter agrícola do municipio.

Por este motivo contratouse o deseño desta nova imaxe corporativa para poder utilizar na documentación oficial, nos anuncios do concello e demais documentación, sen o abuso do uso do escudo, deixando éste para ocasións puntuales oficiais.

A nova imaxe é moderna, fresca, adaptada aos tempos actuais, pero os grandes valores do escudo destacados anteriormente.

O pleno é competente segundo establece o artigo 22 da Lei de Bases do Réxime Local para aprobar o escudo heráldico da corporación. Isto que se trae hoxe a aprobación non é o Escudo heráldico, o que se mantén como estaba, senón a nova imaxe corporativa do concello, pero igualmente sométoo a aprobación deste Pleno

Así, con base no anterior PROPOÑO AO PLENO deste Concello da Laracha

1º.- Aprobar a nova imaxe corporativa do Concello da Laracha

Na Laracha,

O alcalde, 13 de xullo de 2018

Intervén o concelleiro Antonio Antelo do Grupo Mixto e di que si o concello busca unha imaxe mais moderna, ésta debería ser mais diferente ao escudo.

Di que podería propoñerse un concurso de ideas.

Intervén o concelleiro do PSOE Eladio Verdía e di que considera que sí é unha imaxe mais moderna.

Intervén o alcalde e di que tanto o escudo como a nova imaxe son fruto dun estudio minucioso.

Pregunta o concelleiro do Grupo Mixto cándo vaise usar o escudo e cando a imaxe corporativa.

Explica o alcalde que o escudo quedará para actos meramente institucionais, para o demais usarase a

imaxe corporativa.

Sométese a votación a proposta de alcaldía previamente ditaminada pola Comisión informativa resultando aprobada por 14 votos a favor do PP + BNG e 2 abstencións (1 do Grupo Mixto e 1 do PSOE) .

6º.- Proposta de alcaldía de aprobación inicial da modificación do artigo 28 do Regulamento Orgánico Municipal, aos efectos da súa adaptación á Lei 39/2015 de 1 de outubro

Dase lectura á proposta de alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 20 de xullo de 2018, que se copia:

PROPOSTA MODIFICACIÓN ROM

Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo Común e de conformidade co disposto no artigo 14, SOMETO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

1º.- Procede a adaptación do artigo 28 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello da Laracha, publicado coa última modificación aprobada en data 12 de xuño de 2015 no BOP da Coruña, quedando a súa redacción como segue:

Artigo 28º . redacción anterior

O Alcalde convocará aos Concelleiros a sesión ordinaria ou extraordinaria con dous días de antelación como sinala a Lei, remitíndolles xunto coa comunicación da convocatoria a Orde do Día a que haberá de suxeitarse dita sesión, no que figurarán, numerados e apuntados suficientemente, os asuntos a tratar. Os Concelleiros acusarán recibo da convocatoria asinando en folia para o efecto.

Nova redacción

*O Alcalde convocará aos Concelleiros a sesión ordinaria ou extraordinaria con dous días de antelación como sinala a Lei, remitíndolles xunto coa comunicación da convocatoria a Orde do Día a que haberá de suxeitarse dita sesión, no que figurarán, numerados e apuntados suficientemente, os asuntos a tratar. **A convocatoria realizarase na conta de correo electrónico que indiquen os/as voceiros/as dos grupos e, se é o caso, os concelleiros/as non adscritos/as.***

2º.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento Orgánico Municipal do Concello da Laracha, conforme o disposto no artigo 49 da LBRL

3º.- Publicar no BOP esta modificación aos efectos de que os interesados/as presenten as alegacións que

estimen oportunas.

4º.- De non haber alegacións, entenderase aprobada definitivamente esta modificación

Rematada a lectura da proposta previamente ditaminada pola Comisión Informativa, sométese a votación resultando aprobada por unanimidade.

7º.- Proposta de alcaldía de aprobación de bonificación fiscal do 50% no imposto do ICIO por obras de rehabilitación dun anexo á vivenda, elemento codificado na relación de bens a catalogar do PXOM co núm. 6.10 que inclúe dúas vivendas, dous hórreos e cobertizo en Trasande, cun grao de protección ambiental

Dase lectura á proposta de alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda do día 20 de xullo de 2018, que se copia:

A Ordenanza Fiscal número 17, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, recolle no artigo 6º a posibilidade de conceder bonificacións na cota de dito imposto a aquelas construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego. Tal declaración, así como o outorgamento da bonificación, corresponde ao Pleno do Concello, previa solicitude do interesado.

A persoa que se detalla no anexo á presente proposta presentou o día 11.06.2018, solicitude de bonificación da cota do imposto de construcións, instalacións e obras.

Visto o informe da arquitecta técnica municipal, as obras cumpren coas condicións detalladas no artigo 6º da ordenanza para ser susceptibles de declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como para obter a correspondente bonificación fiscal.

Tendo en conta todo o exposto, de conformidade co establecido do artigo 103.2 a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 6º da Ordenanza Fiscal número 17 do Concello da Laracha, proponse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, o seguinte acordo:

Aprobar a declaración de especial interese ou utilidade municipal pola causa detallada no anexo, así como a bonificación do Imposto sobre construcións, instalacións e obras na porcentaxe que se especifica no anexo.

Ademais, dende esta alcaldía solicítase que por parte intervención municipal sexa emitido o preceptivo

informe.

Solicitante: María Josefa Castro Remuiñán

Data: 11.06.2018

Solicitud: rehabilitación dun anexo á vivenda, elemento codificado na relación de bens a catalogar do PXOM co núm. 6.10 que inclúe dúas vivendas, dous hórreos e cobertizo en Trasande, cun grao de protección ambiental

Causa Artigo 6º da O.F. 17º: Apto. c): Reparación e conservación de inmobles declarados de interese cultural ou incluídos nun catálogo municipal.

Porcentaxe bonificación: 50%

A Laracha, 16 de xullo de 2018

O alcalde

Rematada a lectura da proposta previamente ditaminada pola Comisión Informativa, sométese a votación resultando aprobada por unanimidade.

8º.- Dación de conta do período medio de pago trimestral e informe de morosidade

O alcalde da conta do período medio de pago felicitando ao servizo de Intervención pola premura nos pagos aos provedores

O concelleiro socialista Eladio Verdía García abandona a sesión por causas persoais.

9º.- Mocións de urxencia

9.1. Moción presentada polo BNG o día 3 de xullo de 2018 co nº 3271 de RE

Nela o BNG propón ao Pleno da Corporación:

A declaración de persoas non gratas a:

José Ángel Prenda Martínez

Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena

Jesús Escudero Domínguez

Ángel Boza Florido

Antonio Manuel Guerrero Escudero

Dar traslado desde acordo plenario á representación legal dos cinco condenados a nove anos de prisión

pola agresión sexual xulgada na Audiencia Provincial de Iruña.

Dar traslado deste acordo plenario á representación legal da vítima para que sexa coñecedora do apoio real que ten.

O alcalde presenta unha enmenda a esta moción baseada no acordo que adoptaron todos os grupos políticos no Parlamento de Galicia con respecto á condena á “Manada” na que se recolle a solidariedade e apoio á vítima, o rechazo de calquera tipo de agresión sexista contra a muller, o respecto ás actuacións do Poder Xudicial, o compromiso coa defensa na igualdade entre mulleres e homes e a separación de poderes

Sométese a votación a enmenda resultando aprobada por 13 votos (12 do PP e 1 do Grupo Mixto) e 2 abstencións do BNG.

Igualmente o BNG manifesta que de sair a enmenda, tal e como resultou, queren apoiala, cambiando o seu voto de abstención a a favor, resultando aprobada por unanimidade.

9.2. Moción de urxencia do BNG en relación a Lei de memoria histórica (RE 3135 de 25062018)

O BNG propón ao Pleno do Concello da Laracha que o nome do almirante Carrero Blanco, un dos principais dirixentes dun réxime dictatorial represor sexa eliminado do rúeiro de Caión e que se tomen en consideración as propostas da veciñanza para adxudicar novos nomes á actual rúa Carrero Blanco e as súas travesías.

Contéstalle o alcalde que o goberno propón unha reunión de Portavoces para que salgan diferentes propostas e que logo participen os veciños.

Sométese a votación a moción resultando rexeitada por 13 votos (12 do PP e 1 do Grupo Mixto) e 2 a favor do BNG.

9.3. ROGO do BNG de 20062018 co nº 3041 RE

Presenta o BNG un rogo no que solicita:

1. Que se retire o verquido de neumáticos do camiño enfronte ao que dá acceso á Pedra do Ghicho/Marco da Anta
2. Que dende o goberno Municipal se promova a concienciación sobre o prexuízo colectivo que supoñen estas accións ao tempo que se persigan con dureza estes actos incívicos

10º.- Rogos e Preguntas

10.1 ROGO do BNG de 20062018 co nº 3041 RE

Presenta o BNG un rogo no que solicita:

1. Que se retire o verquido de neumáticos do camiño enfronte ao que dá acceso á Pedra do Ghicho/Marco da Anta
2. Que dende o goberno Municipal se promova a concienciación sobre o prexuízo colectivo que supoñen estas accións ao tempo que se persigan con dureza estes actos incívicos

Contéstalle o alcalde que ese terreo vaise mercar polo concello e xa vai estar incluído no Parque do megalitismo

10.2 ROGO do BNG de 25062018 co nº 3131

Presenta o BNG un rogo no que solicita:

Que se coloquen dous espellos un cruce da 1º travesía da rúa López Astray cos rúa López Astray e outro no cruce sa 2º travesía da mesma rúa tamén coa principal, e que se revise a colocación do espello situado no cruce da 3º travesía

10.3. ROGO do BNG de 25062018 co nº 3130

Presenta o BNG un rogo no que solicita:

Que se lle envíen de maneira puntual, cando menos cada dous ou tres meses, as actas das Xuntas de Goberno aos grupos da oposición para que poidan desenvolver o traballo de control ao goberno como unha das principais funcións que temos os grupos políticos da oposición

Contéstaselle por parte da Secretaria que se lles van mandar todas.

10.4 PREGUNTA do BNG de 11072018 co nº 3462

Presenta o BNG unha pregunta:

Tense preparado algunha solicitude no rexistro do concello, ou realizado algunha xestión para a construción de novos panteóns no cemiterio parroquial de Soutullo? Recibiu o goberno algunha petición dos veciños para facer xestións dalgún tipo respecto desta demanda? Teñen coñecemento da existencia dalgún proxecto en marcha para implementar a ampliación deste cemiterio?

Contéstalle o alcalde que respecto da parte que comprou o concello, o trámite xa está feito. Non así respecto da que comprou a Igrexa. Que está pendente de informe de Augas de Galicia.

Non habendo mais asuntos que tratar, e sendo as 14:30h dase por rematada a sesión